



CAMPAÑA X SOLIDARIO 2024

Manifiesto Equipo XSolidaria

Hoxe, 3 de abril, as federacións e redes que representamos ao Terceiro Sector galego na loita contra a pobreza e a exclusión social queremos facer unha chamada á sociedade para que, na súa Declaración da Renda marque o recadro do X Solidario, de Actividades de Interese Social.

Máis que nunca, é necesario contribuír ao funcionamento das entidades que defendemos os dereitos da cidadanía. Nestes difíciles momentos que atravesamos a nosa sociedade, agravados polo contexto de inestabilidade económica e social actuais, hai millóns de persoas que, sen a axuda, das ONG non poderían saír adiante.

Como sabedes, cada ano a Administración permite que os e as contribuíntes decidan o destino do 0,7% dos impostos que se recadan mediante o IRPF. Cando alguén fai a declaración da renda ten **CATRO alternativas**:

- Marcar o **recadro 106 de 'fins sociais'** ("Actividades de Interese Xeral consideradas de Interese Social") e destinar o 0'7% dos seus impostos para que as entidades de carácter social poidan realizar proxectos coas persoas que máis o precisen.
- **Marcar os dous recadros**: 'Fins sociais' e 'Igrexa Católica' e destinar deste xeito, o 0'7% dos teus impostos a cada un, é dicir un **1'4%**.
- Marcar só o **recadro da 'Igrexa Católica'**.
- **Non marcar ningún recadro** e que sexa o Estado quen decide o que se fai con ese 0'7%.

Decidir o que queremos que se faga cos nosos impostos é un dereito que non todo o mundo pon en práctica. O noso obxectivo é que a xente marque o recadro e decida.

Marcando o X Solidario, o recadro de 'Fins Sociais', **NIN pagamos máis NIN imos recibir menos cartos no caso das devolucións** e podemos contribuír á realización de programas e proxectos para as persoas en risco de exclusión que máis o precisan.

Porque marcando o cadro de fins sociais loitamos para cambiar a situación de miles de persoas, máis de **12 millóns e medio de persoas viven en risco de pobreza ou exclusión social a nivel estatal**, das que 688.900 son galegas.





Sen a axuda das ONG moitas persoas non poderían saír adiante ou ter unha vida digna. **Persoas maiores, con discapacidade, enfermas de cancro, mulleres vítimas de violencia machista, xente moza, nenos e nenas...**

Grazas ao X Solidario, no **2023 153 organizacións de acción social de toda Galicia levaron a cabo 733 proxectos que beneficiaron de xeito directo e indirecto a un mínimo de 146.500 persoas.**

No 2023 conseguimos que un **54,49% dos contribuíntes galegos e galegas, marcaran o recadro do X Solidario, 24.528 mais que no ano anterior. Recadáronse 2.638.195 euros mais¹.**

Porén, **647.628 contribuíntes aínda non marcan o X Solidario, se o fixeran, teríamos recadado 15.431.904 euros mais.** A estas persoas nos diriximos especialmente para lembrarilles que:

- ✓ Marcar o X Solidario non custa nada. **Nin pagas máis, nin che devolverán menos.**
- ✓ **Se xa marcas a casa da Igrexa,** podes marcar tamén a de 'Actividades de Interese Social'.

Ti decides que o 0,7% dos impostos se destine integramente a programas desenvoltos polas ONG, coa máxima transparencia na súa xestión a través das diferentes convocatorias da Xunta de Galicia: Política Social, Igualdade e Sanidade.

Á Xunta de Galicia reclamámoslle unha vez mais que reduza a burocracia o máximo posible e unifique todas as convocatorias nunha soa.

Grazas de novo á cidadanía galega por sumarse a esta emerxencia solidaria e garantir que, coa súa axuda, poidamos seguir avanzando.

¹ Concretamente, no 2023, 775.395 contribuíntes marcaron o recadro do X Solidario, 24.528 mais que no ano anterior. Recadáronse 24.029.488 €, , 2.638.195 € mais que no 2022. Se os 647.628 galegos e galegas que non o fixeron marcaran o X Solidario, teríanse recadados no 2023 15.431.905 € máis. Un total de 39.461.392€.